

25 de novembro

**DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

Unidade didáctica para traballar as violencias machistas nas aulas de Secundaria

25N É...
todos os días

SECUNDARIA



Confederación Intersindical Galega



Secretaría das mulleres

Introdución

Abordar as violencias de xénero de forma efectiva esixe comprender que son a expresión extrema da **desigualdade existente na nosa sociedade** e, por tanto, un **problema político** no que todas as persoas debemos implicarnos.

No ámbito educativo, as violencias de xénero engloban actos ou ameazas de violencia sexual, física ou psicolóxica que acontecen nos institutos ou nas súas proximidades. Tamén comprende as diferenzas entre as rapazas e os rapaces e as súas vulnerabilidades ante a violencia. Inclúe ameazas explícitas ou actos de violencia física, acoso escolar (**bullying**), acoso verbal ou sexual, tocamientos sen consentimento, coerción e agresión sexual e violación.

As desigualdades e a violencia que teñen lugar noutros ámbitos de convivencia aféctanlles ás mozas e aos mozos, influíndo


nas súas formas de relacionarse e mesmo en que reproduzan estas **dinámicas de poder** na súa forma de tratarse. O ámbito educativo é un lugar privilexiado para avanzar na sensibilización e na prevención, establecendo un modelo igualitario que rompa coa orde patriarcal, con rancios estereotipos de xénero e con valores e prácticas discriminatorias.

As violencias de xénero aséntanse en pautas culturais, nos costumes e nas tradicións que perpetúan a condición inferior de quen ocupan os espazos feminizados da sociedade. As aulas non son espazos illados socialmente. Ata o de agora, os estudos sobre violencia nas escolas atenden sobre todo á violencia física e ao acoso escolar, e non adoitan aplicar unha perspectiva de xénero. A forma en que se expresa ou experimenta o **bullying** con frecuencia ten nesgos de xénero: un

dos factores de vulnerabilidade é non axustarse aos estereotipos de xénero, non encaixar na heteronorma ou ter unha identidade de xénero non normativa, en intersección con outras opresións.

Esta **Unidade Didáctica** busca ser un apoio para traballar nas aulas contra as violencias de xénero cunha perspectiva feminista. Desde a consciencia da necesidade de introducir estas cuestións no currículo académico e na formación do profesorado, ofrecemos este traballo como un apoio para quen, co seu voluntarismo, introduce xa a igualdade nas súas aulas. A través de diferentes actividades queremos contribuír a facer das aulas **espazos sen violencia, igualitarios e inclusivos** onde se xere un coñecemento transformador que impulse os cambios necesarios para formar sociedades máis xustas.

Obxectivos xerais



- ☐ Reflexionar sobre a desigualdade
- ☐ Cuestionar a orde de xénero
- ☐ Entender as causas e a estrutura da violencia de xénero
- ☐ Capacitar para identificar e detectar e identificar o maltrato e a violencia de xénero desde unha perspectiva integral
- ☐ Converter as e os adolescentes en axentes de cambio
- ☐ Promover relacións e espazos despatriarcalizados



Metodoloxía

A metodoloxía de desenvolvemento desta proposta é dinámica e participativa, a través de actividades que fomenten a construción colaborativa de coñecemento e poñan en valor as voces e experiencias diversas do alumnado.

Todos os contidos e dinámicas tratan de desenvolver a perspectiva feminista para o que trataremos de:

- **non naturalizar estereotipos**
- **rexear a violencia de xénero e a homolebobi-transfobia**
- **empregar linguaxe inclusiva**
- **non reproducir relacións de poder**
- **visibilizar as achegas das mulleres e doutros colectivos minorizados**

A través destas formas de facer fomentamos a toma de conciencia individual e colectiva, facilitando ferramentas para desenvolver a capacidade crítica das nenas e nenos.

Para empezar...

Introducir estes temas nas aulas ten que ver coa clase de persoas que queremos contribuír a formar, e tamén coa intención de non deixar de lado necesidades e intereses do alumnado aos que se responde desde a perspectiva de xénero.

É importante tratar o xénero de forma **transversal**, xa que o coñecemento é androcéntrico e as materias conteñen, moitas veces, nesgos de xénero que transmiten unha historia única que invisibiliza as achegas dos grupos minorizados. Estes comportamentos consolidan a idea dunha identidade normativa e reforza a construción social das persoas como desiguais. Establecer este debate na aula pode servir para rachar coa ficción heteropatriarcal que divide a sociedade en dous grupos excluíntes, xerarquizados e contrapostos, creando un modelo social que dificulta a convivencia.

Traballar con perspectivas contrapostas, segundo as actividades que desenvolvamos, contribúe a

entender estas cuestións como algo excepcional e non como un novo paradigma.

Antes de empezar debemos ter en conta os coñecementos previos e actitudes que, sobre violencia de xénero, ten o alumnado, facilitando a reflexión sobre crenzas erróneas, acerca do xénero, que haberá que desmontar.

As propias características deste tema fan que haxa tamén outras consideracións que deberíamos ter en conta:

- **Coidar a forma de comunicarnos cando abordamos este tema.** Utilizar unha linguaxe próxima e inclusiva e equilibrar o uso da palabra entre mozas e mozos. escoitar e respectar todas as opinións.
- **Abordar este tema con sensibilidade** porque, ao tratarse cunha cuestión cun forte compoñente relacional, poden sentirse susceptibles.
- **Non tratar a violencia como unha lacra.** Non son anomalías senón consecuencias dun

sistema social que as sostén e as posibilita. A violencia directa e os asasinatos son a manifestación máis extrema dunha violencia co-tiá que permanece invisibilizada.

- **Evitar a (re)vitimización.** As mulleres en situacións de violencia fan por sobrevivir dentro desa relación. A toma de conciencia desde esa violencia «imperceptible» que se dá nas primeiras fases é xa un proceso activo.

- **Concienciar as mozas e mozos da súa responsabilidade,** como suxeitos activos da sociedade, é un paso fundamental na prevención e erradicación das violencias machistas.

Contidos

Bloque 1: Reformular a igualdade

• Introducción

Cando nacemos, en base a unha apreciación visual do tamaño dos nosos xenitais externos, somos designadas como nenas ou como nenos. Cando se fai esta primeira apreciación establécese o mandato da **heterosexualidade**, xa que esta medida sinala a nosa capacidade para levar a cabo ou non unha penetración. Nos casos denominados «ambiguos» ou «indeterminados» -como son as persoas intersexuais- estes poucos centímetros sinalan unha patoloxía que se trata como unha urxencia psicosocial. Así, pese á diversidade dos nosos corpos, o sistema, amparado tamén xuridicamente, só posibilita unha escolla binaria: home ou muller, esquecendo a multiplicidade de posibilidades da sexualidade (cromosómicas, hormonais, gonadais etc.).

Sobre esta cuestionable e violenta realidade interfóbica e transfoba naturalízase un sistema social que nos socializa diferencialmente. O **sistema sexo-xénero** exclúe outras posibilidades e restrinxe as características consideradas normativas para cada un dos sexos, en cada cultura e momento histórico.

As persoas non somos idénticas mais debemos aspirar e crear as condicións para ser iguais. Hai moitos camiños que podemos tomar para desenvolvernos, non só os hexemónicos. Cadaquén debe ter modelos suficientes para facer a súa vida posible e desexable.

• Obxectivos específicos

- Facilitar que o alumnado perciba os prexuízos existentes na nosa sociedade.
- Pór de manifesto como as diferenzas son produto de construcións sociais e non deberían implicar discriminación.
- Reflexionar sobre a violencia do sistema sexo-xénero.
- Comprender o valor da diversidade

• Actividades

1. E ti que vés sendo?

Materiais: folios.

Desenvolvemento: Comezaremos por reflexionar sobre o natural, ou biolóxico, e o cultural que hai en nós. Individualmente deberán contestar a seguinte pregunta: Que cousas son innatas en ti –naces con elas- e cales vas adquirindo co tempo, produto da cultura e da sociedade na que vivimos? Comentar en grande grupo e elaborar unhas conclusións do que isto supón.

Chaves: O sistema sexo-xénero utiliza unha única diferenza biolóxica para clasificarnos en dúas posibilidades e para elaborar culturalmente unha construción diferencial. Mais, na realidade, hai formas moi distintas de ser, sen estar mediatizadas polo sexo que só serve para naturalizar –e por tanto crear a ilusión de que é inamovible- unha relación desigual.

Este modelo adáptase co tempo e o lugar xeográfico, variando nos trazos e nas expectativas sociais de mulleres e homes.

2. Que ves cando me ves?

Materiais: imaxes de revistas.

Desenvolvemento: Escolleremos diferentes fotografías de persoas que lles entregaremos para que describan individualmente. Trataremos de que as imaxes sexan o máis diversas posibles. Deberán falar do que ven na imaxe e contar cousas sobre esa persoa como o seu nome, a súa profesión, algún trazo de carácter, onde cren que vive, con quen, como se relaciona e cales son as súas afeccións ou cousas similares.

Unha vez presenten o seu traballo analizaremos en grande grupo o que saíu. Hai algunha pauta en común? Atribuímos similares características a todas as persoas? Por que? Hai ideas preconcebidas? Teñen estas ideas consecuencias na vida das persoas?

Chaves: Traballar sobre os estereotipos e os prexuízos (sexistas, racistas, clasistas, contra as persoas maiores, contra as persoas que teñen capacidades funcionais diversas, homo/lesbo/bi/transfobos) que xurdan nos comentarios.

Animar á reflexión lanzando preguntas como: Por que asociamos determinadas características ou formas de vida a unhas persoas e non a outras? Que criterios adoitamos empregar? Ten o mesmo poder quen reproduce o estereotipo que quen o recibe? Como nos sentimos cando nos prexulgan a nós?

3. Que ves cando non me ves?

Materiais: listas de roles de xénero masculinos e femininos

Desenvolvemento: Prepararemos listas de roles masculinos e listas de roles femininos, aínda que coidaremos que aparezan en feminino e masculino. Podemos empregar profesións que, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, están masculinizadas (instalación e mantemento, transporte e mantemento de vehículos, electricidade e electrónica ou calquera do ámbito tecnolóxico, por exemplo) e as que están feminizadas (imaxe persoal, servizos socioculturais e á comunidade, sanidade ou calquera do ámbito humanístico).

Dividiremos a clase en pequenos grupos mixtos. Cada estudante terá unha folia con diferentes profesións do sexo «contrario» das que deberán escoller unha. Darémoslles un tempo para comentar a súa elección no grupo.

En grande grupo comentarán: que pensaron ao ler a lista que lles tocou? Como fixeron para escoller? Cales foron as razóns polas que non elixiron as outras opcións da súa lista? Que outras alternativas tivesen preferido? Por que?

Chaves: A diferenciación establecida entre homes e mulleres implica tamén lugares e funcións distintas (**división sexual do traballo**) que condicionan as nosas escollas profesionais, non en

base ás nosas aptitudes ou preferencias, senón en base ao que socialmente se cree que nos corresponde.

A existencia de ideas preconcebidas sobre como debemos ser ou que características nos corresponden, en función do sexo que se nos asigna no nacemento, restrinxe as nosas posibilidades de desenvolvernos. Alén disto, o sistema outorga un valor diferente a estes roles, primando os que teñen que ver co público sobre os vinculados cos coidados que sosteñen a reprodución da vida.

Electricidade

Robótica

Carpintería

Automoción

Aeronáutica

Fútbol

Enfermería

Coidados

Floristería

Perrucaría

Xinnasia

Recepción

Bloque 2: Formación e sensibilización sobre as violencias machistas

• Introducción

A **homo/lesbo/bi/transfobia** e o **sexismo** están sendo utilizadas para violentar e para amosar e manter a relación de poder creada polo xénero. Sinalan a obriga de conformar as normas que nos colocan dentro dun estreito marxe de actuación. O **xénero** é un sistema de opresión que produce violencia nas vidas das persoas. Por iso nesta proposta imos situarnos nunha perspectiva máis ampla que a que desenvolve a lei integral de violencia. O grao de naturalización destas prácticas demóstrase no feito de que a maioría de manifestacións nos resultan imperceptibles. Este fenómeno é tan habitual que o entendemos dentro da «normalidade». É urxente ofrecer ferramentas para recoñecer as violencias e poder crear modelos de relacións fóra da orde patriarcal.

• Obxectivos específicos

- Pensar sobre as causas e as formas das violencias de xénero.
- Recoñecer as distintas manifestacións das violencias machistas.
- Mobilizarnos contra a desigualdade.
- Adquirir claves para detectar as agresións e as violencias machistas.

• Actividades

1. Que son as violencias machistas?

Materiais: non son necesarios

Desenvolvemento: Imos pensar en situacións de violencia de xénero; tamén se poden inventar ou imaxinar. Axudámoslles a enmarcalas para que queden máis claras. Terán que describilas en pequenos grupos contestando a: quen exerce a violencia, en que se basea, quen a vive, como se sinte a persoa violentada, como reaccionan as persoas próximas, etc.

Despois faremos unha posta en común tentando definir consensuadamente o termo violencia de xénero e por último unha chuvia de ideas sobre as solucións posibles a aplicar nestas situacións.

Chaves: Aclarar a especificidade da violencia de xénero, un fenómeno que se sustenta e se estende a través dun sistema social que nos concede un valor desigual e nos representa como suxeitos activos (homes) ou como obxectos pasivos (mulleres).


Incidir na falta de percepción de determinados comportamentos como sexistas, como violencias, interpretándoas dentro dos patróns transmitidos culturalmente nos que se normalizan actitudes e condutas que nada teñen que ver co amor ou co respecto e si co control e co dominio.

2. Dá o paso

Materiais: non son necesarios.

Desenvolvemento: En relación á violencia de xénero hai dous grupos de mitos complementarios, e moi estendidos que é importante desmontar: **os mitos sobre o amor patriarcal** (ou romántico) e os **mitos sobre a violencia machista**. Estes grupos de crenzas están relacionados porque, os primeiros supoñen factores desiguais e, por tanto, de risco para a violencia de xénero nas relacións. Podemos centrarnos naqueles relacionados cun ou con outro aspecto, dependendo do traballo anterior feito no grupo, ou traballalos de forma consecutiva.

Elaboremos unha **lista de mitos**. Habilitaremos o espazo para que poidan situarse de pé e sinalaremos unha liña divisoria clara no chan. Un por un repasaremos cada un deles –sen especificar que o son– indicando que deben situarse «a favor» ou «en contra» dese enunciado, que marcaremos a un lado e outro da liña sen poder situarse no punto medio.



Sobre o amor...

- O amor pode con todo.
- Toda persoa ten a súa media laranxa.
- Os celos son mostras de amor.
- O amor de parella é o máis importante.
- O amor é exclusividade. Cando o sentes de verdade non te pode atraer ninguén máis.
- Quen ben te quere faite sufrir.
- Os polos opostos atraense.

Sobre a violencia...

- A violencia non ten xénero.
- É un asunto privado.
- Os maltratadores son persoas con algunha enfermidade mental.
- Algo faría quen recibe mal trato.
- A violencia psicolóxica non é tan grave como a física.
- Son casos illados.
- A violencia de xénero só sucede a persoas de contextos marxinais.
- Moitas das denuncias son falsas.

Con cada afirmación deberán reflexionar e moverse cara un ou cara outro lado, xustificando a súa posición. Animaremos a que falen persoas que estean nas dúas posturas e expliquen os seus motivos. As posicións non son fixas de forma que, se os argumentos ou as reflexións que se fagan no grupo lles fan cambiar a idea inicial poderán aproximarse ou mesmo moverse ao outro lado.

Chaves: É importante facilitar chaves para desbotar estas ideas simplificadas e aclarar a función que desempeñan no mantemento da desigualdade e da violencia.

A violencia é un comportamento evitable. Hai que diferenciar cara quen se perde ese control, se se trata dun suceso illado ou algo continuado. O maltrato é un problema social e de saúde pública, arraigado na estrutura social e a súa causa é o machismo.

3. Que me queres dicir?

Materiais: non son necesarios

Desenvolvemento: A miúdo utilizamos expresións ou repetimos fórmulas para referirnos a alguén ás que culturalmente lles damos un carácter despectivo ou pexorativo. Dividiremos a clase en pequenos grupos. A cada un entregáremoslle un dos seguintes termos para que discutan sobre el e sobre o seu significado.

Feminazi

Maricón

Marimacho

Nenaza

Zorra

Poden utilizar a técnica de chuvia de ideas para, sen censura, ir recollendo todas as ideas que van saíndo no grupo.

Exporán os resultados sobre cada termo e abrírase o debate para reflexionar sobre o seu significado e as implicacións que ten.

Chaves: Nas últimas décadas o movemento feminista logrou que aumentara a sensibilización e o rexeitamento da violencia contra as mulleres. No entanto, hai que ter en conta que a violencia de xénero vai máis alá da violencia física directa e inclúe aspectos psicolóxicos, sexuais, simbólicos e estruturais.

Bloque 3: Erradicar as violencias machistas

• Introducción

En 1465, Elvira Rodríguez, foi ferida polo seu home e denunciouno ante a autoridade xudicial da cidade de Ourense. Tamén na mesma cidade, hai rexistrada unha denuncia feita por Teresa Gómez (1458) por un intento de violación.

Estes datos demostran unha tradición de respostas fronte ao machismo e a toma de conciencia fronte ás violencias contra as mulleres. Mais, o modelo de transmisión cultural que as invisibiliza, perpetúa esa construción desigual na que os suxeitos feminizados nunca son donos do relato. Erradicar a violencia de xénero é inseparable dunha revolución dos afectos e das sensibilidades, por unha ética feminista para toda a sociedade. E isto non se cambia por lei.

• Obxectivos específicos

- Rexeitar a violencia.
- Construír espazos onde relacionarse de forma igualitaria.
- Denunciar as violencias machistas
- Adquirir claves para enfrontarse á violencia

• Actividades

1. Este é un espazo...

Materiais: folios.

Desenvolvemento: A toma de conciencia implica un posicionamento firme contra o machismo. Nesta proposta imos contribuír a que a nosa aula se transforme nun espazo libre de violencias. En pequenos grupos elaborarán unhas normas consensuadas de bo trato na aula.

Valoraremos as achegas de cada grupo para tratar de representar o maior número de perspectivas e realidades.

Chaves: Poñelas por escrito e deixalas nun lugar á vista para darlles valor na aula.

Ao describir unha situación facémola real e posible convertendo esa posibilidade en algo material, que vai estar presente no desenvolvemento da clase. Crear novos modelos de relacionarse, en igualdade e con respecto, abre as posibilidades da orde de xénero.

2. Isto tamén é violencia


Materiais: folios e outros recursos para elaborar un fanzine

Desenvolvemento: Imos afondar na violencia simbólica e nas fórmulas das que dispoñemos para loitar contra ela. Buscarán nos libros de textos e outros materiais educativos o tratamento que se fai de homes e de mulleres da diversidade. Poderán amplialo a outros aspectos e incluír expresións como as que traballaron en actividades anteriores, comunicados do centro etc..

Con todo esta material van elaborar un fanzine. Os fanzines son un recurso no que se potencia a autonomía e que permite diversas abordaxes ante un mesmo tema.

Chaves: A linguaxe ten o poder de construír realidades. O que non se nomea non existe e utilízala axuda a que o alumnado se converta en axente de cambio fronte ás violencias machistas.

Animar a que a súa publicación recolla tamén alternativas e fórmulas inclusivas que rompan co paradigma sexista. Poden corrixir a linguaxe sexista por fórmulas que representen correctamente a todas as persoas ou elaborar unha listaxe de boas prácticas coas que se desbotaría o tratamento desigual.



3. Quen vai primeiro?

Materiais: fichas cos dereitos asertivos

Desenvolvemento: Entregarémolle a cada estudante unha ficha cuns enunciados. Os dereitos que se recollen teñen que ver coa asertividade, que vén sendo a nosa capacidade para afirmar ou negar de xeito positivo e con seguridade, mais respectando as outras persoas. A listaxe recolle 23 posibilidades das que teñen que desbotar oito, que consideren menos importantes ou que lles pareza que non teñen que ver con esa capacidade. Unha vez diminuída a lista terán que ordealos de maior (1) a menor importancia (15).

Deixar o tempo suficiente para que poidan pensar sobre as súas escollas. Rematada esta parte faremos grupos pequenos onde terán que consensuar unha orde. Por último, comentaremos os resultados en grande grupo, analizando e xustificando as diferentes listas.

Dereito a que, ás veces, os teus desexos ou preferencias estean por diante (non ceder sempre)

Dereito a equivocarnos e a facernos responsables dos nosos erros

Dereito a ter valores e opinións propias

Dereito a ter as nosas propias necesidades e que sexan tan importantes como as de calquera

Dereito a cambiar de idea, opinión ou forma de actuar

Dereito a expresar críticas e protestar por un trato inxusto de forma respectuosa

Dereito a tentar cambiar o que non te gusta

Dereito a pedir axuda ou apoio emocional

Dereito a sentir e expresar dor

Dereito a ignorar os consellos das outras persoas

Dereito a recibir recoñecemento por un traballo ben feito

Dereito a dicir «non» sen sentirte culpable ou egoísta

Dereito a estar só ou só/a rexectar a compañía de outras persoas

Dereito a non xustificarte ante o resto

Dereito a non responsabilizarte dos problemas das outras persoas

Dereito a non anticiparte aos desexos ou necesidades do resto

Dereito a un trato digno

Dereito a experimentar e expresar os teus propios sentimentos

Dereito a deterle e pensar antes de actuar

Dereito a pedir o que queres e aceptar un non por resposta

Dereito a facer menos do que es quen de facer/a non dar sempre o máximo de ti

Dereito a decidir que facer co teu corpo, tempo e propiedades

Dereito a escoller non comportarse de forma asertiva

Chaves: Pór en valor a percepción subxectiva que poidamos ter respecto aos dereitos. Non hai unha forma correcta de ordenalos, xa que non hai dereitos máis importantes ca outros, mesmo os que desbotaron da lista. É importante negociar, chegar a acordos mais mantendo unha postura asertiva. Existe a posibilidade de que fagan máis dunha lista por grupo xa que, nas instrucións da actividade, non se indicou cómo debía ser o resultado.

A asertividade favorece que nos expresemos de forma máis libre, comunicándonos a todos os niveis e de forma respectuosa. Desenvolver a asertividade fai que rompamos con moitos estereotipos de xénero. Trátase dunha capacidade que se pode adestrar e mellorar e que nos sitúa cunha posición activa na vida.

Punto e seguido

No ano 1993 a **Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller de Nacións Unidas** definía a violencia de xénero como «todo acto baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na vida privada»

Hai unha violencia específica

que tamén se produce no ámbito educativo, e que ten como causa a desigualdade e as relacións de poder que establece o heteropatriarcado. Visibilizar, identificar e denunciar estas violencias (física, psicolóxica, sexual, estrutural, institucional, simbólica ou en calquera outra vertente) fai que se traten como un problema prioritario.

Sempre que nos axuden a romper coas formas de relacionarse patriarcais e esterotipadas

hai moitas formas útiles para abordar estas cuestións e avanzar en prol da igualdade e para erradicar as violencias.

Esta **Unidade** está pensada para que cada docente experimente aquelas claves e estratexias que lle resulten máis rendibles para o seu grupo. Ofrecemos este traballo, para seguir sumando, como unha ocasión para repensar as fórmulas coas que se introduce a perspectiva feminista na docencia.

Referencias legais

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

Protocolo identidade de xénero

Recursos e autoría


No ano 2016 elaborouse unha proposta bibliográfica na que figura material para complementar o traballo con perspectiva de xénero na aula.

Está recollido baixo o título: [O 25 de novembro desde unha](#)

[perspectiva didáctica](#) e dispoñible para consulta en formato dixital.

As imaxes empregadas nesta U.D. pertencen a Laurel Burch e a Cristina Martínez que as distribúen baixo licencia

O contido da U.D. foi elaborado por **Mar Cendón** que emprega a licenza creative commons de recoñecemento non comercial



Glosario

- **Acoso escolar:** tradución do anglicismo *bullying* (matón), que fai referencia á intimidación, illamento, ameaza ou insultos sobre unha persoa ou persoas que son sinaladas como vítimas nun contexto de iguais.

Pode ser física, verbal ou relacional e sucede de forma continuada e repetida sen provocación previa.

- **Acoso escolar homofóbico:** condutas de acoso baseadas na homofobia, o sexismo e os valores asociados ao heterosexismo. Son vulnerables a esta violencia homosexuais, lesbianas, bisexuais, transexuais e calquera moza ou mozo que sexa percibida ou representada fóra dos patróns de xénero normativos.

- **Acoso sexual:** calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo (*Lei orgánica de igualdade efectiva entre mulleres e homes*)

- **Autodefensa feminista:** estratexia feminista de empoderamento persoal e colectivo. Busca fórmulas e recursos que rompan co estereotipo de vulnerabilidade e centra a defensa no dereito á autonomía e ao exercicio do desexo propio. Trata de crear as condicións para deixar de ser obxectos e ser suxeitos.

- **Consentimento:** acordo para participar, permitir ou aceptar algo que se expresa activamente. Ten que ser libre -sen presións, manipulación ou a in-

fluencia dalgunha substancia-, específico e informado e, sempre, é reversible.

A actividade sexual sen consentimento é unha agresión sexual ou unha violación.

- **Estereotipos de xénero:** conxunto de expectativas sociais que atribúen aptitudes, roles e actitudes diferenciadas a mulleres e homes.

- **Feminismo:** teoría e práctica política radical –porque vai á raíz– que loita pola igualdade de todas as persoas. Supón a toma de conciencia colectiva das mulleres como grupo oprimido polos homes no sistema patriarcal, e a súa mobilización para transformar a sociedade ata que a igualdade sexa un feito.

- **Heteronormatividade:** réxime social que impón a heterossexualidade como único modelo válido de relación sexoafectiva. Esta situación é posible pola marxinalización, invisibilización e persecución de outras orientacións e formas de relacionarse.

- **Machismo:** condutas (actos físicos ou verbais) coas que se manifesta o sexismo. Poden ser conscientes ou inconscientes.

- **Linguaxe inclusiva:** discurso que utiliza diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo diversa no que todas as persoas se poidan sentir representadas e interpeladas.

- **Linguaxe sexista:** Usos da linguaxe que revelan asimetrías e discriminación no tratamento de homes e mulleres. Pode ser gramatical (na forma) ou discursivo (no fondo).

- **Patriarcado:** organización social baseada na dominación dos valores masculinos sobre os asociados á feminidade e, por tanto, dos homes que se axustan ao modelo hexemónico sobre as mulleres e quen cuestiona a orde de xénero.

- **Sexismo:** ideoloxía que sostén a desigualdade baseándose nas diferenzas biolóxicas coñecidas como sexo. É unha actitude consciente.

- **Sexo:** características biolóxicas que se utilizan para clasificarnos en mulleres e homes.

- **Xénero:** construción cultural que fai unha sociedade, nun momento concreto, a partir das diferenzas coñecidas como sexo.

- **Violencia simbólica:** formas de violencia que se exercen, sobre todo, a través da comunicación polo que moitas veces son difíciles de detectar. Basease na imposición por parte do grupo dominante dunha visión do mundo e dos roles que perpetúa a desigualdade.

- **Violencia de xénero:** calquera acción ou omisión, baseada no seu xénero, que lles cause dano ou sufrimento psicolóxico, físico, patrimonial, económico, sexual ou a morte tanto no ámbito privado como no público (definición da mexicana Ley general de acceso de las mujeres a una vida libre de violencia do 2007).

É unha manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

VIOLENCIA

NIN NA RÚA NIN NO TRABALLO NIN NA CASA

Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos:

981 169 293 (centralina) 981 900 633 (directo)

Fax. 981 151 539

Correo:

muller@galizacig.gal



Secretaría das mulleres



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

25
novembro

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Nin na rúa nin no traballo nin na casa

VIOLENCIA



Secretaría das mulleres